

MÉRCORES 27. XOVES 28 E

VENRES 29 DE MAIO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas.

27/05/2020

FICHA Nº7: Valorar a actitude de colaboración e traballo en equipo.

Explicarémolles aos nenos/as que en ocasións é preciso pedir axuda para levar a cabo algunha actividade. Preguntarémolles aos rapaces: a ti gústache axudar? Teñen que axudarche para facer algunha actividade?

Vemos a ficha na cal se ten que construír a casita. Que nenos non están axudando a facer a casita? Rodéaos.

Logo pega os adhesivos correspondentes para axudar a construír a casiña. (sobrará unha pegatina).


No **reverso** da ficha: Contamos os nenos/as que aparecen na ficha (hai 4). Escribiremos o número no reverso e debuxaremos tantas casas como nenos hai na ficha (4 casas). Finalmente pintaremos as casas que debuxamos.

AMPLIACIÓN: Realizar algunha tarefa nas que os papás e os nenos colaboren. A modo de exemplo podería ser:

- Arranxar o xardín (os que o teñades)
- Facer a cama
- E a que máis me gusta a min: Cociñar. 😊

Por exemplo podedes facer unha pizza caseira na cal os nenos/as colaboren (poden axudarvos a facer a masa e tamén a agregarlle os ingredientes). Se algún se anima a facer algunha receita colaborando cos pequenos agradecería unha foto dos minicociñeiros/as.

AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lectoescritura. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



28 / 05 / 2020

FICHA Nº8: Desenvolver as habilidades grafomotoras.

Repasaremos os trazos para formar as ondas da auga que aparecen na ficha con pintura de dedos. (se non a tendes na casa podedes empregar rotuladores).

No **reverso** da ficha: repasamos con rotulador os círculos con rotulador.

AMPLIACIÓN: Podemos realizar diferentes manualidades con círculos.

- Podemos pintar círculos con vasos de plástico, co rolo de papel hixiénico ou co que se vos ocurra.



- Realizar círculos con corchos de botella (podendo facer un racimo de uvas por exemplo)




- Realizar flores con tapóns de botellas



AMPLIACIÓN: Non fai falta imprimir a seguinte ficha. Realizárase de xeito oral. Deberanse identificar os círculos.




AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):






29 / 05 / 2020

FICHA Nº9: Identificar o cuantificador "menos que".

Antes de comezar coa ficha imos ver as seguintes imaxes. O neno/a deberá identificar onde hai menos cantidade de lápices, dulces, mouchos, abellas e flores.







Posteriormente, coa ficha diante podemos xogar ao "veo veo". Trátase que o adulto dea pistas sobre a cor da pel, dos ollos, posición xunto a que outra ra está, se ten a lingua fora... para que o neno/a adiviñe a ra nos referimos (así traballamos a comprensión e a discriminación visual).

Finalmente, pinta o roca na que hai menos ras (con ceras ou rotulado) logo busca e rodea a ra azul (en vez de rodear poden pegarlle un gomet encima).

Reverso: O neno/a debuxará dúas casas e dentro destas pintará unha delas moitas persoas e noutra poucas.

AMPLIACIÓN:

Podemos ver o ciclo da ra (o cal traballaremos tamén na seguinte ficha):

https://www.youtube.com/watch?v=Mtd_jLjgq7w

<https://www.youtube.com/watch?v=v2AZsL45NOM>

<https://www.youtube.com/watch?v=tzw3l5L94Sq> (capítulo de Jorge el Curioso dende minuto 0-11min)

<https://www.youtube.com/watch?v=P-92RXOXqCc>

Logo de ver os vídeos facer a seguinte manualidade que consiste en crear unha ra na que se desprega o ciclo da súa vida (pódese facer en cartulina, folios de cores ou en un folio normal pintándoo).


1.- Pintaremos e recortaremos o contorno da ra.




2.- Recortaremos unha tira de papel na cal pegaremos de xeito ordenado as fases polas que pasa a ra. Logo un dos extremos pegarémolo na barriga da ra e no e o outro extremo a un círculo que será o abdome do animal.





3.- O resultado final sería algo parecía a isto



Por se vos animades a facelo déixovos o contorno da ra e as imaxes do ciclo de vida do animal e a peza redonda que sería a barriga.





AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez que traballe a atención. A miña recomendación é usar a seguinte a cal se pode facer con pintura de dedos de diferentes cores ou con rotuladores (aínda que queda a vosa elección):

Leva a cada rá ata a súa comida. Utiliza cores diferentes para cada camiño.

